



XUNTA
DE GALICIA

**PREVENCIÓN
E SAÚDE LABORAL
ANTE O CORONAVIRUS**

OFICINAS DE EMPREGO

ceei.xunta.gal/coronavirus



Liña gratuíta  900 815 600

ANTES DE IR AO TRABALLO

- Sempre é **melhor** utilizar o **transporte individual**. No **transporte colectivo** é **obrigado** o uso de **máscara** hixiénica ou cirúrxica e seguiranse as indicacións de mobilidade fixadas pola autoridade.
- **Non ir traballar con febre** (> 37°C), **tose**, **sensación de falta de aire** e **outros síntomas** considerados de **sospeita de infección** segundo o criterio clínico, ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.
- Identificar ao **persoal traballador especialmente sensible** e adoptar as **medidas específicas** para minimizar o risco de contaxio cando teñan que acudir ao centro de traballo.
- **Difundir as medidas preventivas e de protección adoptadas pola autoridade sanitaria** e do servizo de prevención ante o coronavirus.



DISTANCIA DE SEGURIDADE

- Evitar que se produzan **aglomeracións**, tanto fóra como dentro da oficina, mediante un axeitado control de aforo a través do **sistema de cita previa**.
- Fomentar a utilización dos **medios telemáticos dispoñibles**: Portal de Emprego, Oficina Virtual e aplicación Mobem.
- **Limitar as actividades** presenciais sempre que sexa posible, fomentando o traballo a distancia (teletraballo e videoconferencia).
- Utilizar a **flexibilidade horaria e quendas de traballo** para evitar a coincidencia de persoas.
- Empregar como medio ordinario o **teléfono ou o correo electrónico** entre o persoal presente nas oficinas.
- Manter sempre a **distancia de seguridade de 1,5 metros**, tanto entre o persoal traballador como coa cidadanía, en todas as zonas da oficina.
- Adoptar, no seu caso, **medidas de barreira** entre postos ou coa cidadanía.



MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- Comunicar mediante **carteis ou paneis informativos** as recomendacións da autoridade sanitaria para evitar a propagación e o contaxio.
- Avaliar a necesidade de **cambiar a disposición dos postos de traballo, organizar a circulación de persoas e redistribuír os distintos espazos** das oficinas (mobiliario, andeis, corredores, etc.).
- **Delimitar zonas** mediante sinalización vertical ou horizontal do chan utilizando vinilos, postes, etc. co obxecto de cumprir a distancia de seguridade.
- Establecer un **programa de pausas** para minimizar o impacto da carga física e mental do persoal e previr situacións de estrés laboral.



HIXIENE E LIMPEZA

- Facilitar o uso de solucións **hidroalcohólicas** e **luvas desbotables para o público**, e **colocar contedores** con tapa, pedal e bolsa recambiable na entrada e no interior das oficinas.
- **É obrigado o uso de máscara hixiénica ou cirúrxica** durante a estancia na oficina de emprego, se non se pode respectar a distancia de seguridade entre persoas.
- **Dispoñer de produtos** para a hixiene de mans, para a limpeza e desinfección e luvas desbotables ao persoal traballador.
- **Evitar tocar** os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión. Evitalo igualmente cando se usen luvas e máscara.
- **Cubrir as vías respiratorias** cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo de xeito adecuado.
- **Evitar compartir** obxectos como equipos, dispositivos e material de oficina doutros traballadores e se non se pode evitar, hixienizalos previamente.
- **Reforzar as tarefas de limpeza e desinfección** do local e das superficies que se tocan máis. Limpar a área de traballo cando hai cambios de persoal e ao finalizar a xornada.
- **Ventilar con máis frecuencia** os lugares de traballo, evitando as correntes de aire. Asegurar a renovación de aire cando haxa sistemas de ventilación ou climatización.
- Ao **regresar do traballo** coidar as distancias e as medidas de prevención de contaxios e hixiene no fogar, sobre todo se se convive cunha persoa vulnerable ao risco de infección.



INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña **981 182 329** issga.coruna@xunta.gal
Lugo **982 294 300** issga.lugo@xunta.gal
Ourense **988 386 395** issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra **886 218 101** issga.pontevedra@xunta.gal
Santiago **881 999 332** issga@xunta.gal